

Medida 4.1.2
Porcentaxe cofinanciamento medida: 85% FEMP e 15% Estado membro

ACORDO POLO QUE SE FAI PUBLICA A RELACIÓN DE GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP) SELECCIONADOS E ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVAS (EDLP) APROBADAS. FEMP 2014-2020

O 16 de abril de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.

Mediante resolución da Conselleira do Medio Rural e do Mar de 31 de xullo de 2015 seleccionáronse as asociacións candidatas a grupos de acción local do sector pesqueiro e territorios cubertos.

As asociacións candidatas seleccionadas formalizaron os correspondentes convenios de colaboración coa Consellería do Mar para a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento local participativa.

O día 13 de novembro de 2015 foi aprobado o Programa Operativo para España do FEMP por decisión de execución da Comisión de 13.11.2015 C(2015) 8118 final.

Por resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro de 24 de novembro de 2015 establecéronse os criterios de selección das estratexias de desenvolvemento local participativas (EDLP) presentadas polas asociacións candidatas.

O día 30 de novembro de 2015, as asociacións candidatas a GALP presentaron ante a Consellería do Mar as súas estratexias de desenvolvemento local participativas.

O día 22 de xaneiro de 2016 a conselleira do Mar resolveu seleccionar os GALP e aprobar as EDLP, con indicación dos territorios cubertos e o financiamento indicativo previsto para aplicar as estratexias de desenvolvemento local.


Visto o exposto, esta dirección xeral ACORDA: Facer pública a relación de GALP seleccionados e EDLP aprobadas que figuran no Anexo, na páxina web <http://medioruralemar.xunta>.

Santiago, a 25 de xaneiro de 2016

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





ANEXO. SELECCIÓN EDLP E GALP. FEMMP 2014-2020

ORGANIZACIÓN	NIF	ZONA PESQUEIRA: ÁMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN (MUNICIPIOS)		1) TERRITORIO		2) GRUPO		3) ESTRATEXIA							
		Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cerro, Xove, Viveiro, O Vicedo, Matión, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño	Ares, Cabanas, Fene, Ferrol, Miño, Mugaridos, Nardón, Neda, Paderné, Pontedeume	A Laracha, Carballeo, Malpica, Ponteceso, Cabana de Bergantinos, Laxe, Camariñas, Vilmanzo, Muxía	Fisterra, Corcubión, Cee, Dumbra, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son	Boiro, Cambados, Catoira, O Grove, Illa de Arousa, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribadumia, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa	Bueno, Marín, Pontevedra, Poio, Sanxenxo, Meaño	Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondeira, Vigo, Nigrán, O Rosal, Oia, Balona, A Guarda							
GALP "A MARÍÑA ORTEGAL"	G27386192	GALP "GOLFO ÁRTABRO NORTE"	G70454657	GALP "COSTA DA MORTE"	G70181797	GALP "SEO DE FISTERRA RIO DE MUROS NOIA COSTA SOSTIBLE"	G70196225	GALP "RÍA DE AROUSA"	G70196597	GALP "RÍA DE PONTEVEDRA"	G36693606	GALP "RÍA DE VIGO-A GUARDA"	G94000510		
a) Dimensión do territorio	1,4	3,79	1,4	6,79	4,71	2,74	5,86	a) Diagnóstico e necesidades da zona	6	5	3	b) Proxecto de EDLP	26	27	28
b) Tamaño da poboación	4,65	4,87	4,53	3,8	5	4,45	7	c) Capacidade operativa do grupo	21	17	18	d) Participación da comunidade na elaboración da EDLP	8	7	4
c) Renda per cápita	7,3	3,2	16	15,93	9,89	6,66	10,75	TOTAL CRITERIOS GRUPO (60)	43,55	36,67	30,62	46,22	38,68	36,12	21,84
d) Densidade de poboación	14	8,77	13,84	13,54	9,89	7,28	2,8	a) Composición, participación e representatividade dos axentes do territorio	13,07	18,33	11,62	11,22	10,25	11,1	8,93
e) Índice de envellecemento	12,6	11,2	12,6	14	5,6	2,8	4,2	b) Composición, participación e representatividade do sector pesqueiro	15,00	18,34	15	15	8,94	15	7
f) Peso do Sector Pesqueiro	15,00	5	10	23,33	25	11,67	6,67	c) Grao de execución período 2007-2013	15,48	0	4	20	19,49	10,02	5,91
g) Variación da poboación (99-13)	11,27	11,27	12,71	17	6,26	3,4	5,56	TOTAL CRITERIOS ESTRATEXIA (100)	61	57	62	64	63	61	53
TOTAL CRITERIOS TERRITORIO (100)	66,22	48,10	71,08	94,39	66,35	39,00	42,83	PUNTIUACIÓN TOTAL (250)	170,77	141,77	168,70	204,61	188,03	136,12	117,67
ORZAMENTO TOTAL EDLP	7.619.688,84 €	6.143.270,06 €	7.304.701,37 €	9.436.870,88 €	7.451.268,56 €	5.714.308,27 €	5.016.360,03 €	ORZAMENTO CUSTES FUNCIONAMENTO E ANIMACIÓN	1.904.922,21 €	1.535.817,52 €	1.826.176,34 €	2.359.217,72 €	1.862.814,64 €	1.428.727,07 €	1.254.090,01 €